

Extracto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,  
núm. 184/2019, do 28 de marzo, ditada no recurso de apelación  
núm. 4385/2018

Aínda que a edificación realizouse de acordo coa licenza concedida, o "uso" ao que se podía destinar esa edificación formaba parte integrante da licenza concedida, é dicir, era un dos requisitos para que puidese concluírse que a edificación se axusta á licenza. En definitiva, se non se respectou o "uso" referido na licenza, o que así ocorreu, xa que se destinaron as edificacións a uso residencial, non ao uso hostaleiro que concedía a licenza, resulta meridiano que se incumpriron as condicións establecidas na licenza outorgada.